A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Das aproximadamente 300 persoas que traballaban na Coruña hai unha década, cadro de persoal xa reducido a través dos sucesivos procesos de fusión da compañía, agora só quedan arredor de 70, tras un desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

Agora *Naturgy* vén de comunicar o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implica a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

Unión Fenosa Distribución, titular do COR, dá servizo a case 2 millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galeguidade da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a perda de calquera vestixio de galeguidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:26:30

Martín Seco García na data 06/07/2021 12:26:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/07/2021 12:27:05



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As reformas do Regulamento hipotecario e da Lei hipotecaria (concretamente do seu artigo 206) levadas a cabo polos gobernos do PP no Estado desde o primeiro Goberno Aznar posibilitaron o acceso ao rexistro da propiedade de calquera tipo de bens inmuebles, así como a calquera dereito real sobre eles, situación que foi aproveitada pola Igrexa Católica para inmatricular multitude de bens ao seu nome, tendo en conta que ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do dereito real.

En lexislaturas pasadas o PSdeG xa formulou, sen que fose apoiada polo PP, unha iniciativa dirixida a coñecer os efectos que tivo en Galicia a dita reforma a través dun estudo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que enumerase os bens inmatriculados a favor da Igrexa Católica desde 1998, como se fixo noutros lugares de España.

Nestes días, o Goberno está facendo pública a relación dos bens que se inmatricularon aproveitando a vía aberta pola modificación da lexislación hipotecaria do Goberno Aznar.

Segundo os datos do Goberno, o número de inmuebles inmatriculados pola Igrexa é de aproximadamente 35.000, dos cales 7.131, é dicir, un de cada cinco, corresponden a Galicia, o que dá idea da importancia desta situación na nosa comunidade. Dentro deses 7.131, hai 2.747 templos, e o resto está integrado por todo tipo de bens inmuebles. A relación completa deses bens vén de ser remitida o Congreso, e este abrirá un prazo para reclamálos legalmente por parte de quen estea en desacordo coa declaración de titularidade a favor da Igrexa, como pode ser o caso de particulares ou concellos, entre outros.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que debe establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da



reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos dada a dimensión deste asunto en Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:24:08

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:24:29



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai uns días, a Consellería de Medio Ambiente informou sinteticamente de 10 proxectos que afirma que vai presentar ante o Goberno do Estado para a captación de fondos *Next Generation* e que aspira a desenvolver nun prazo de 3 anos. Eses 10 proxectos optarían a un total de 122 millóns de euros. Deles a metade, segundo a consellaría, terían tres obxectivos concretos modernizar os recursos enerxéticos e potenciar os ecosistemas do parque nacional das Illas Atlánticas (11 millóns); a recuperación integral de 300 quilómetros de ríos, denominado Proxecto Mil Ríos, centrado no Ulla, Eo, Landro e Sor (31,3 millóns); e a restauración de 1.500 hectáreas de terreo da Rede Natura que sufriu incendios forestais (12 millóns).

Outras iniciativas, segundo a consellaría, teñen a recuperación da biodiversidade como eixo: adquisición de solo nos seis parques naturais para a restauración de ecosistemas (16 millóns), eliminación de especies invasoras (con 14 millóns específicos para Galicia e 3,5 millóns de euros compartidos con Asturias, País Vasco e Cantabria para eliminar a herba da pampa), creación dun mapa de hábitats de Galicia (1,1 millóns), recuperación do entorno do río Eo (2,9 millóns compartidos con Asturias) e traballos para actuar sobre 1000 hectáreas de espazos naturais atravesadas por infraestruturas (15 millóns), así como actuacións en 1000 hectáreas da Rede Natura (15 millóns).

A conselleira defendeu estes proxectos afirmando que “estamos ante 10 ambiciosos proxectos que cumpren as liñas xerais dos fondos comunitarios e cos que queremos responder ás necesidades presentes e futuras do noso medio natural”.

Non obstante, o importe e alcance dos proxectos desminte a ambición que pregona a conselleira. Ante unha oportunidade histórica como é a que representan os fondos *next generation* para dar un impulso á recuperación do medio ambiente de Galicia, e facer del, ao mesmo tempo, un vector de recuperación económica, sorprende a escaseza da ambición do departamento de medio ambiente.



Hai que ter en conta que no Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia o obxectivo de transición ecolóxica ascende a un 37 % dos fondos, e que eses fondos ascenden a aproximadamente 70.000 millóns nunha primeira fase, o cal implicaría que está previsto un importe de 25.900 millóns para transición ecolóxica, no cal Galicia ten que concorrer co resto das CC.AA baseándose nun deseño ambicioso. Certamente, neses importes están tamén incluídos proxectos de enerxía limpa, pero a cifra que a consellaría presenta como obxectivo (que non ten por que ser acadado dado que os fondos non se van repartir con criterios territoriais estritos senón en relación coa competencia entre proxectos, condicionalidade, etc) é manifestamente insuficiente, ademais de que o proceso de selección deses proxectos carece de deliberación cos axentes sociais, outras administracións, cidadanía, e está revestido de opacidade.

Pódese afirmar que esta escaseza de ambición e opacidade é unha nova mostra da política medioambiental da Xunta de Galicia, marcada polo ecobranqueo, un orzamento moi baixo e tolerancia e permisividade ante as agresións ao medio, que chocan frontalmente co espírito dos tempos e coa axenda verde española e europea.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera a consellaría que presentar 10 proxectos por importe de 122 millóns de euros é suficientemente ambicioso ante unha oportunidade histórica como a dos fondos *next generation*?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:25:31

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:25:46



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A sentenza 137/2020, do 2 de setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña, declarou a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. Trátase dunha sentenza histórica, a primeira do seu tipo en España, que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada, un ben do que desfrutou máis de tres décadas e do que continuou desfrutando a súa familia ata o presente.

Foi grazas á intervención da Avogacía do Estado que a principios de 2019 se obtivo un documento notarial que permanecía oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e que desmontou o embuste ideado polo ditador, documento en base ao que o 11 de xullo de 2019 se presentou a demanda de recuperación do ben para o patrimonio do Estado, froito dun gran traballo xurídico da Avogacía do Estado e da firme vontade política do Goberno progresista do Estado”.

Recorrida a resolución xudicial pola familia Franco, a Audiencia Provincial da Coruña (sentenza 60/2021 da Sección Terceira) confirma que a propiedade do inmovible corresponde ao Estado, dando por tanto a razón ao Estado no asunto principal, que era a propiedade, se ben modifica a sentenza de primeira instancia no sentido de establecer unha compensación económica polos gastos feitos pola familia Franco dende a morte do ditador, por considerar, en síntese, que se mantiveron na posesión do pazo sen mala fe, o cal obriga a compensalos polos gastos útiles, ademais de considerar que incluso no caso de que se mantivesen na posesión do pazo concorrendo mala fe, habería que compensalos tamén polos gastos necesarios segundo dispón o artigo 453 do código civil.

Sen entrar a contradicir os argumentos xurídicos e o relato fáctico da sentenza de segunda instancia nun proceso tan novidoso e complexo, cousa que non corresponde a un partido político nin é propia da función parlamentaria, si que debemos demandar que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para defender o interese do Estado neste tema, cousa que, ademais do propio Estado, tecnicamente pode e debe facer da Xunta de Galicia, personada no proceso como



parte coadxuvante adhesiva, particularmente no relativo a impedir na medida do posible calquera pago por parte do Estado á familia Franco.

Por outra banda, unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: o estudo, difusión e reivindicación da memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo, asociado ao feito do modo ilexítimo e fraudulento en que o ditador chegou á súa posesión e ao propio uso do pazo durante toda a ditadura.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego recorrer como parte coadxuvante adhesiva a sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no Pazo?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:28:10

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:28:27



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Galicia é a comunidade autónoma con máis superficie costeira de España, ademais de que a economía asociada ás nosas costas ten unha enorme importancia, igual que a conservación do noso litoral, que é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade colectiva.

A economía marítimo-alimentaria das nosas costas (marisqueo, acuicultura, conserva, etc) xera unha actividade produtiva dificilmente deslocalizable, intensiva en man de obra en boa medida feminina e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal outórgalle un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea. Así mesmo, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha grande importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para as xeracións futuras e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten amplas competencias no ámbito costeiro, desde a promoción económica, a medioambiental, á ordenación do litoral, etc, e nese sentido, entendemos que dentro do reparto de competencias do Estado, ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola Comunidade Autónoma as de xestión do dominio público marítimo terrestre, por razóns funcionais e de proximidade ao territorio e ás súas especificidades.

Os gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia, sen que nos últimos 12 anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxese a ampliación do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

O caso que nos ocupa ben merece poñer fin a esa parálise, por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:



Está disposto o Goberno galego a asumir as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre como outras CC.AA e dada a importancia das nosas costas?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:29:51

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:30:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:30:23

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:30:38



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortelgal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles–, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa



de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego exercer as súas competencias de política industrial e promoción económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegál?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:32:22

Martín Seco García na data 06/07/2021 12:32:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/07/2021 12:32:54



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Recentemente, no xuízo do caso Bárcenas que se celebra na Audiencia Nacional, tanto o ex-xerente do PP, Cristobal Páez, como o propio Bárcenas, confirmaron que a última operación da Caixa B do PP foi un pago en efectivo de 50.000 euros no ano 2010 que procedía do PP de Pontevedra e que se repartiu, segundo dixeron, en dous sobres, entregados a Rajoy e a Dolores de Cospedal.

Nos documentos aportados na Audiencia Nacional no caso Bárcenas figura unha relación de ingresos de empresas por importe de 2 millóns de euros que era a contabilidade B do PP de Galicia cando Feijóo xa era presidente do partido en Galicia, no ano 2006.

O propio Pablo Crespo, ex secretario de organización do PP de Galicia, recoñeceu nunha comisión do Congreso que o PP de Galicia estaba intensamente implicado no financiamento ilegal do PP, igual que o fixo en entrevistas nas que recoñeceu que no PP de Galicia tamén houbo sobres.

Incluso na investigación do caso Kitchen fálase de documentos que probarían “pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid”, a pesar de que o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta de 10 de setembro de 2020, sinalou que “estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos”, cando é notorio que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que “nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual”, ademais de sinalar que no PP xa “están acostumados” a que se “critique e recritique por feitos que pasaron hai máis dunha década”.

Por tanto, as probas e indicios dos casos Bárcenas, Gürtel e Kitchen comezan en Galicia (ademais de Madrid e Valencia) e rematan aparentemente en Galicia e ata o día de hoxe o Goberno do Sr. Feijóo non deu a máis mínima explicación convincente destes temas, aparte de negalo todo.



Todo o anterior implica que hai probas suficientes de que o PP de Galicia foi dopado ás eleccións durante polo menos dúas décadas, e como mínimo ás primeiras eleccións de Feijóo no ano 2009.

Por se fose pouco, recentemente foron condenados por corrupción o ex-presidente da Deputación de Pontevedra e a delegada da Xunta en Pontevedra. O desprezo do Sr. Feijóo pola ética é tal que se permitiu nomear á delegada da Xunta en Pontevedra e ex alcaldesa de Moraña sabendo que ía ser xulgada por prevaricación e falsidade. E o Sr. Louzán foi presidente do PP de Pontevedra ata o ano 2015 ademais de presidente da Deputación durante anos. E o Sr. Louzán xa fora investigado pola fiscalía no ano 2015 por un presunto delito de suborno, que se pechou porque se anulou as probas. E o Sr. Louzán manexa cada ano 400.000 euros de fondos públicos e está condenado por corrupción e a Xunta non fai nada cando ten ferramentas xurídicas máis que suficientes para actuar sobre os organismos directivos das federacións deportivas a través do comité galego de Xustiza deportiva, que ten competencias disciplinaria atribuída pola Lei galega do deporte, e ademais ten os medios para forzar politicamente a saída de Louzán, pero mira cara outro lado.

É fundamental que as administracións e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito ético, sobre todo nun tempo marcado por unha forte crise sanitaria e económica que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais, e pon en cuestión as institucións que, en última instancia, sosteñen o Estado e a democracia mesma. Estamos preocupados polos antecedentes de corrupción do PP de Galicia e as implicacións que poden ter para o manexo das inxentes cantidades de fondos públicos que Galicia vai recibir dos fondos *next generation*.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia os feitos coñecidos respecto da implicación do PP de Galicia nos procesos xudiciais derivados do chamado caso Bárcenas –operación Kitchen incluída- que se relatan na exposición de motivos desta iniciativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:33:43

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:33:58



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é desde hai moitos anos unha institución cultural imprescindible na vida cultural de Galicia como orquestra de nivel internacional que se mantén nunha cidade que non chega ós 250.000 habitantes como é A Coruña, facendo moito con pouco e mantendo contra vento e marea a súa xestión económica con recursos decrecentes que poñen en risco o seu futuro, tendo como causa fundamental desa situación económica o incumprimento pola Xunta de Galicia do seu compromiso de aportación económica ó Consorcio que xestiona a OSG.

O convenio de colaboración coa Xunta para o financiamento dese consorcio asinouse o 28 de decembro de 2004. Baseándose nese convenio a Xunta pasaría a cofinanciar o ente cunha cantidade de tres millóns de euros anuais unha vez que os estatutos do consorcio se modificasen para incluír a Xunta como parte del, cousa que tivo lugar en 2005. O acordo cumpriuse ata o ano 2010. Desde entón, a Xunta –de xeito inaudito- incumpriu ano tras ano o pactado nuns importes que oscilan entre os 358.000 e os 859.000 euros anuais, ascendendo a débeda acumulada a día de hoxe a máis de 5 millóns de euros.

Esta situación pon en risco a súa actividade social, ademais de imposibilitar unha planificación axeitada das actividades, sendo evidente que unha comunidade como Galicia ten a obriga de non deixar caer un dos seus símbolos culturais, que ademais é un modelo de eficacia no uso dos recursos públicos que contrasta enormemente co dispendio da Cidade da Cultura, pendente aínda de rematar as súas obras e de definir os seus usos máis de 20 anos despois do inicio das obras.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia axeitado incumprir os seus acordos asfixiando economicamente a unha institución cultural de referencia e primeiro nivel como a Orquestra Sinfónica de Galicia á que lle debe máis de 5 millóns de euros cando leva gastados máis de 300 millóns na Cidade da Cultura que tras máis de 20 anos segue sen estar rematada e sen ter claramente definidos os seus usos?





Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:34:42

Noa Susana Díaz Varela na data 06/07/2021 12:35:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:36:04



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A vinculación de Galicia coa súa costa e o seu mar é ancestral, como o son as actividades económicas asociadas a eses ámbitos, existindo vestixios arqueolóxicos de actividade marisqueira e pesqueira desde os primeiros asentamentos humanos no noso territorio. A costa forma parte da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa tradición e da nosa economía, sendo decenas de milleiros de postos de traballo os vinculados de xeito directo ou indirecto ó sector mar-industria-alimentario, líder a nivel internacional en moitos ámbitos (como a conserva) e cun peso no PIB da nosa comunidade sen parangón noutras CCAA, na medida en que Galicia é a comunidade autónoma con maior superficie costeira de España, ademais de desfrutar da singularidade xeográfica e ecolóxica das rías e da riqueza do noso mar, todo o cal fai que a economía asociada ó noso mar e á nosa costa teña unha riqueza e peculiaridade que a fan merecedora da máxima protección pública.

O marco legislativo actualmente vixente no tocante ao noso sector mar-industria-alimentario está integrado, basicamente, pola Lei de costas, aprobada na súa última reforma polo Goberno de M. Rajoy no ano 2013, e o seu regulamento de desenvolvemento, do ano 2014. Así mesmo, tamén a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003 (da época do Goberno de José María Aznar), que sobre as concesións en espazos de dominio público indica o seguinte no seu artigo 93.3: “O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor”; unha lei que, por un principio de coherencia normativa e dado o seu carácter xeral, aplicable a todo o ámbito das concesións públicas, resulta obviamente aplicable no ámbito do dominio público marítimo-terrestre, operando como límite da normativa de costas. Ese prazo de 75 anos non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura, xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, é de 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos. O propio Regulamento de costas establece unha serie de criterios para a determinación da duración das concesións, tales como a “adecuación ó medio”, o posible “impacto paisaxístico” ou a “protección ecolóxica da interacción mar-terra” (art. 135)



No ano 2019, o Goberno do Estado decidía abordar un novo regulamento, ante a inseguridade xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014, que xa foran postos de manifesto pola Avogacía do Estado e polo Consello de Estado, pero despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto dun novo regulamento de costas, decisión na que foi tomada moi en conta a posición adoptada polo Partido Socialista de Galicia.

Coñecedor do problema asociado a que no ano 2018 vencían os 30 anos marcados pola Lei de costas como límite de moitas concesións e da inseguridade xurídica introducida pola reforma levada a cabo polo Goberno de M. Rajoy, dun xeito irresponsable o Goberno de Galicia e o partido que o sostén levan máis de dous anos dedicada á difusión tendenciosa de noticias falsas, empeñados en desinformar o sector e introducir confusión nun ámbito de por si suficientemente complexo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia deixar de desinformar o sector mar-industria-alimentario sobre as modificacións legislativas que lle poidan afectar?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:36:55

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:37:11



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vén de ser denunciado ante a opinión pública polo colectivo Amigas das Árbores a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. Os cañóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, tendo un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico.

A forma de efectuar a tala constitúe unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

Os nosos bosques autóctonos están a ser substituídos aceleradamente por monocultivos de eucalipto, o cal atenta contra a biodiversidade, a paisaxe e o dereito ambiental español e europeo. Este novo episodio, un de tantos, prodúcese nun espazo que en teoría debería gozar do máximo grado de protección e que, ademais, aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade este mesmo ano.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como a Ribeira Sacra?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:37:52

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:38:09





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:54
Nº Registro: 18367
Data envío: 14/07/2021 13:35:54.816

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/07/2021 12:38:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinalaba que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Remataba a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son os de lograr a mellora das comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso, define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes e, por suposto, todo iso minimizando o impacto ambiental de conformidade coa normativa galega, española e europea.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a terceira rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e



segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria Autopistas del Atlántico sería favorecida. Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo. O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes. O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Lamentable e incompreensiblemente, as obras da Vía Ártabra teñen arrasado xa parte da zona húmida da Gándara, que acolle catro especies en perigo de extinción e outras en estado de gran vulnerabilidade, ademais de funcionar como barreira contra posibles inundacións nunha extensa área, estar incluído na Reserva da Biosfera e figurar como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta desde 1994.

O 21 de decembro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas publica un anuncio polo que se somete a trámite de información pública o proxecto de modificado número 1 da Vía Ártabra, que contén modificacións na fase I e amplía as súas determinacións á fase II, que está pendente da autorización de Fomento para a conexión coa AP9.

A lei 21/2013, de avaliación ambiental, determina, por aplicación do seu artigo 43 e da súa DT primeira, que a DIA da obra, que data do ano 2009, perda vixencia a partir dos 6 anos desde a entrada en vigor da lei, prazo que se cumpriu o 12 de decembro de 2019, establecendo a mesma disposición transitoria o efecto desa perda de vixencia: “el promotor deberá iniciar nuevamente el trámite de evaluación del impacto ambiental del proyecto conforme a lo establecido en esta ley”. Iso implica facer un estudo de alternativas, a correspondente comparativa entre elas, a elección da máis axeitada, a proposta de DIA e a redacción do proxecto baseándose na solución adoptada. A omisión deste trámite daría lugar á nulidade dos actos administrativos que se adoptasen a partir do 12 de decembro de 2019.



Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia omitir conscientemente as determinacións da Lei 21/2013, que implican a perda de vixencia da DIA do proxecto e a necesidade de iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:39:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:39:31

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:39:44

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:39:56



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No ano 1992 creouse a Rede Natura 2000 no ámbito da UE, coa finalidade de converterse na principal ferramenta de conservación da biodiversidade, fixando obxectivos e protocolos de conservación dos hábitats naturais, fauna e flora e de mellorar a calidade do medio ambiente europeo.

O 20 de decembro de 2011, a Xunta emitía unha nota de prensa recollida ese día por Europa Press nos seguintes termos: “Galicia completará antes del verano su Red Natura 2000, que pasará del 12 % al 15 % del territorio”.

O 2 de xaneiro de 2012, o DOG publicou o ANUNCIO do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acordaba someter á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia, sinalando que:

“O día 21 de decembro de 2011 o conselleiro do Medio Rural presentou ao Parlamento a nova proposta de lugares de importancia comunitaria (LIC), dando así inicio ao procedemento de ampliación da actual rede Natura 2000 en Galicia. Desde o día seguinte, o documento quedou á disposición do público na páxina web da Consellería do Medio Rural.

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión biogeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de



maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión biogeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión biogeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións biogeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión”.

Nese mesmo anuncio acordábase “Abrir un período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia polo prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados poidan remitir observacións e opinión”

Ademais das decisións da UE ás que facía referencia o anuncio, hai que ter en conta o feito de que a Comisión Europea na súa resposta E 9181/2010, sinalaba o seguinte: “En lo que respecta a la Directiva sobre hábitats y a la protección de las especies y tipos de hábitat de interés comunitario, la Comisión ha detectado dos tipos de hábitat de interés comunitario que no están representados en medida suficiente en el territorio de Galicia incluido en la región biogeográfica atlántica. Por lo tanto, el Reino de España debería designar como LCI varias zonas más para cubrir las insuficiencias observadas en Galicia. La Comisión no ha recibido hasta ahora ninguna propuesta de ampliación de los LIC en Galicia. Tampoco se han notificado a la Comisión los planes de conservación u otros instrumentos de conservación de los lugares de la red Natura 2000 situados en Galicia”.

Un mes máis tarde publicábase un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública, sen que soubésemos nada máis daquela ampliación nos anos posteriores.

Xa no ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan director da Rede Natura 2000, que foi obxecto de críticas por parte da Comisión Europea, por entender que as medidas de conservación recollidas son “demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen suficiente claridade para a súa aplicación” polo que



“non se pode considerar que o plan director da Rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente”.

O informe da organización ecoloxista WWF (unha das máis importantes e recoñecidas do mundo) sobre a Rede Natura 2000 publicado no ano 2016 – perfectamente vixente na actualidade dado que a situación non mellorou desde entón- situaba Galicia como unha das 4 comunidades con peores deficiencias na Rede Natura de España, sinalando a responsable de Rede Natura de WWF nesas datas respecto do Plan director de Galicia que “Es, con diferencia, la peor planificación. Muchos coincidimos en que ni siquiera se le puede llamar plan de gestión” (sic).

En xullo de 2017, a entón conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostible para os concellos.

En conclusión, cando a Axenda Verde Europea prioriza a transición ecolóxica non só na teoría senón na propia estrutura dos fondos europeos, a situación do principal instrumento de conservación de Galicia, como é a Rede Natura, resulta, por tanto, dantesca e contraria ás tendencias de España, Europa e o mundo e a Xunta leva unha década sen proceder a ampliar a Rede Natura de Galicia a pesar de que:

1. A superficie terrestre incluída nela, que non chega ao 12 %, é menos da metade da incluída en todo o Estado, 27,35 % segundo datos oficiais. Se consideramos a superficie mariña protexida, a desproporción é aínda superior.
2. Hai xa unha década que a Comisión Europea considerou necesaria a ampliación.
3. A propia Xunta anunciou a ampliación en 2011 e 2017, considerándoa URXENTE xa no 2011.
4. O único instrumento de xestión da rede natura, o plan director do ano 2014, permite todo tipo de actividades e, ademais, na realidade nin sequera se aplica, estando de facto a exigua Rede Natura de Galicia practicamente desprotexida, polo que se trata dunha protección, ademais de moi escasa en canto á superficie, case inexistente na realidade.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:



Vai a Xunta de Galicia ampliar a Rede Natura 2000 como leva anunciando desde hai 10 anos?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:40:55

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:41:12



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas á existencia de excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento. Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018.

Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo. No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se constrúisen uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente. O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica, ademais de que arredor do 50 % da potencia xa instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques. Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para



Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A época de gripe en Galicia, como en moitos outros lugares, tende a suscitar unha atención especial por parte do sistema sanitario público. Entre outras cuestións, tristemente tende a presentar cifras de falecidos por causa da gripe, especialmente en poboación de idades avanzadas ou patoloxías previas que se complican co contaxio da gripe.

Esta situación, salvando as distancias, ten certas semellanzas co que sucede en torno á pandemia da covid-19, sendo ademais afeccións que van a convivir durante este inverno.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia algún protocolo específico para avaliar e computar da maneira máis axeitada posible o volume de contaxiados e falecementos pola gripe de maneira diferenciada que no caso de persoas afectadas pola covid-19?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:32:38

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:32:46



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O escenario actual, no que moitas persoas deben permanecer días en hospital, moitas veces sen contactos con visitas, acentúa un problema dos centros hospitalarios como é a soidade e o desarraigo dos contornos máis familiares e próximos. Este problema acrecéntase no caso de persoas maiores.

Dentro das mínimas axudas para conlevar as situacións atópase a dispoñibilidade de televisores nas habitacións dos hospitais, que supoñen unha das poucas fontes de certo entretemento que poden ter as persoas que pasan días alí. Non en tanto o seu uso está dificultado por ser xa hoxe un servizo de pago, que engade un custe ao problema de estar ingresado.

Esta situación é totalmente incomprendida polas persoas que pasan tempos nos hospitais e que ven como necesitan desembolsar un custe non menor para un dos poucos entretementos que teñen nestas circunstancias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non rescinde os contratos coas empresas correspondentes sobre a explotación do uso dos aparatos de televisión nos centros hospitalarios de Galicia para facelos de acceso gratuíto para os/as pacientes ingresados?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:47:50
Nº Rexistro: 18438
Data envío: 14/07/2021 16:47:50.832

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:34:24

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:34:31

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. A construción deste Hospital, que foi proxectado en 2008 para algo máis de 1.200 camas, estivo proxectada en torno aos 410 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos e tiña data prevista de finalización do pago en 2021. A chegada de Núñez Feijoo ao goberno de Galicia mudou o proxecto e o sistema de financiación, proxectando un hospital que viu reducida a previsión de camas a menos de 1.000 e que se orzamentou nunha contía aproximada de 860 millóns de euros, que se financiarían co modelo PFI (público-privado), a maiores dos compromisos que a Xunta de Galicia adquiriu para a dotación de servizos e a compra de equipamento e material a empresas vinculadas coa financiación.

Os orzamentos da Xunta de Galicia recoñecen, aínda en 2020, unha débeda de 550 millóns aproximados soamente pola construción, que se paga en canon anual de 42 millóns, máis os servizos xestionados externamente e o compromiso sistemático de compra, mellora ou actualización de equipamento, que implica un cifra en torno aos 30 millóns extra anuais.

Esta vinculación con empresas construtoras, que ademais teñen participación nas decisións do Hospital, ten sido obxecto de numerosas discusións, sen que o Goberno de Galicia teña a ben modificar ou abrirse a estudar outras posibilidades.



O Grupo Parlamentario Socialista ten formulado o estudo da reversión ao sistema público do Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi rexeitado (novembro de 2016) cos votos en contra do Partido Popular.

A empresa construtora Acciona iniciou o mercado da súa participación no hospital, que en recentes datas foi coñecido que atópase, agora, en mans dunha empresa francesa que é propietaria do maior centro sanitario do área de Vigo, a máis poboada de Galicia. Acciona vendeu máis do 40 % da propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro, o que evidencia que era propiedade privada, que agora pasan a outras mans.

A participación privada na titularidade de bens públicos tan esenciais como hospitais non está dentro dos parámetros que se deberan aceptar para xestionar os servizos públicos. No caso actual, resulta sorprendente que a propia Xunta de Galicia non aspirara a facerse coa titularidade completa dos bens en venta, e puidese aspirar a comprar esta participación. Hoxe en día, a Xunta de Galicia está pagando unha débeda aínda moi ampla, con xuros aplicados ao inicio da construción do hospital, e que mantén á Xunta de Galicia sen ser propietaria e titular única do Hospital. Non en tanto, o contexto crediticio e os niveis de inflación actuais permitirían formular novas operacións financeiras que mellorarían as condicións nas que a Xunta de Galicia podería afrontar novas solucións.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que porcentaxe real de propiedade e titularidade ten agora mesmo a Xunta de Galicia sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noelia Otero Lago

Leticia Gallego Sanromán

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:40:53

Noelia Otero Lago na data 13/07/2021 17:40:59

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/07/2021 17:41:09

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:41:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. A construción deste Hospital, que foi proxectado en 2008 para algo máis de 1.200 camas, estivo proxectada en torno aos 410 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos e tiña data prevista de finalización do pago en 2021. A chegada de Núñez Feijoo ao goberno de Galicia mudou o proxecto e o sistema de financiación, proxectando un hospital que viu reducida a previsión de camas a menos de 1.000 e que se orzamentou nunha contía aproximada de 860 millóns de euros, que se financiarían co modelo PFI (público-privado), a maiores dos compromisos que a Xunta de Galicia adquiriu para a dotación de servizos e a compra de equipamento e material a empresas vinculadas coa financiación.

Os orzamentos da Xunta de Galicia recoñecen, aínda en 2020, unha débeda de 550 millóns aproximados soamente pola construción, que se paga en canon anual de 42 millóns, máis os servizos xestionados externamente e o compromiso sistemático de compra, mellora ou actualización de equipamento, que implica un cifra en torno aos 30 millóns extra anuais.

Esta vinculación con empresas construtoras, que ademais teñen participación nas decisións do Hospital, ten sido obxecto de numerosas discusións, sen que o Goberno de Galicia teña a ben modificar ou abrirse a estudar outras posibilidades.



O Grupo Parlamentario Socialista ten formulado o estudo da reversión ao sistema público do Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi rexeitado (novembro de 2016) cos votos en contra do Partido Popular.

A empresa construtora Acciona iniciou o mercado da súa participación no hospital, que en recentes datas foi coñecido que atópase, agora, en mans dunha empresa francesa que é propietaria do maior centro sanitario do área de Vigo, a máis poboada de Galicia. Acciona vendeu máis do 40 % da propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro, o que evidencia que era propiedade privada, que agora pasan a outras mans.

A participación privada na titularidade de bens públicos tan esenciais como hospitais non está dentro dos parámetros que se deberan aceptar para xestionar os servizos públicos. No caso actual, resulta sorprendente que a propia Xunta de Galicia non aspirara a facerse coa titularidade completa dos bens en venta, e puidese aspirar a comprar esta participación. Hoxe en día, a Xunta de Galicia está pagando unha débeda aínda moi ampla, con xuros aplicados ao inicio da construción do hospital, e que mantén á Xunta de Galicia sen ser propietaria e titular única do Hospital. Non en tanto, o contexto crediticio e os niveis de inflación actuais permitirían formular novas operacións financeiras que mellorarían as condicións nas que a Xunta de Galicia podería afrontar novas solucións.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia negou sempre sistematicamente a participación privada na propiedade e titularidade do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noelia Otero Lago

Leticia Gallego Sanromán

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 16:02:46

Noelia Otero Lago na data 14/07/2021 16:02:54

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/07/2021 16:03:04

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 16:03:12



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os orzamentos 2021 para a Consellería de Sanidade inclúen, en continuidade cos anos anteriores, unha partida destinada á financiación de capeláns para o Sistema Público de Saúde. Para o ano 2021 a contía destinada a este fin son 685.000€, para 41 capeláns a xornada completa e 11 a xornada partida. Esta contía incrementouse nos últimos anos aplicando a este persoal, que no anexo de persoal do Sergas vén indicado con categoría propia como “*persoal relixioso*”, aumentando a súa dotación económica en proporción ao que aumentan as nóminas dos profesionais sanitarios e non sanitarios que compoñen o Sistema Público de Saúde de Galicia.

Esta dotación a persoal non relacionado co sistema de saúde reduce esas contías doutras posibles finalidades, como a contratación de 30 profesionais de enfermería extra durante toda a campaña de vacinación, ou outros para funcións de carácter máis estrutural e nos que existen déficits notorios para servizos en clara demanda, como 20 profesionais de fisioterapia ou 20 de psicoloxía.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios fundamentan a necesidade de ter contratados 52 capeláns no Sistema Público de Saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:42:58

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:43:05



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo vén sendo un problema non asumido de forma real pola Administración autonómica dende hai anos. No ano 2017, a institución do Defensor do Pobo detectou, a través do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura que visitou o centro e emitiu un informe sobre o atopado, que existían irregularidades nos ingresos, falta de seguimento e vixilancia, así como na calidade asistencial as persoas ingresadas.

As eivas detectadas e a súa descrición resultan moi duras, e alertaban de situacións graves con respecto á situación dos pacientes. Entre elas, en termo xeral atopábanse conclusións sobre a “insuficiencia xeral de recursos para a atención” e que “o perfil da maioría dos pacientes ingresados afástanse da concepción actual de unidades hospitalarias psiquiátricas”. De maneira máis específica, hai apuntes chamativos ao respecto de que “non existe un control oficial dos pacientes nos que se rexistren historiais legais e administrativos”, non existían as copias dos informes médicos que avalaran a continuidade do internamento e que son remitidos aos xulgados que, á súa vez, emitía autos de continuidade no internamento que “non contaban, en xeral, con motivación suficiente”. En numerosas das conclusións e recomendacións emitidas polo informe consta que a resposta da administración responsable do centro (Xunta de Galicia) nin sequera emitiu resposta ao respecto.

O informe apuntaba, tamén, a un trato de “respecto, cariño e proximidade” por parte dos profesionais que alí traballan.

Esta situación, alertada e denunciada por profesionais do sistema sanitario público e por especialistas de diversos ámbitos sanitarios, foi debatida en 2018 no Pleno do Parlamento de Galicia, ao fío dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, na que se instaba á Xunta de Galicia a asumir as propostas do informe do Defensor do Pobo. Esta proposición foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, que solicitaba algo de tempo para que a Consellería de Sanidade avaliase o informe recibido.



Despois de todo este tempo, é necesario afrontar unha solución urxente a problemas que seguen vixentes e que son de necesaria solución.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia é tan reticente a afrontar as necesidades demandadas polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura respecto do Hospital de Conxo e o trato que se dá aos pacientes alí ingresados?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:45:55

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 17:46:03

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:46:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As condutas relacionadas co xogo e as apostas están sendo obxecto dun intenso e importante debate nos últimos tempos, debido ao seu forte impacto sobre a sociedade e sobre os problemas das condutas aditivas, de maneira especial no caso dos máis mozos e mozas. As políticas públicas orientadas a afrontar este problema veñen amosando o problema da ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual, sobre novas formas de xogo e apostas polo avance da tecnoloxía.

Nesta liña, a lexislatura 2016-2020 no Parlamento de Galicia viviu varios debates sobre a necesidade de que exista lexislación a este respecto, sobre a que o Goberno galego anunciou constantemente a existencia dunha lei autonómica do xogo pero que nunca chegou á Cámara. Durante este tempo, non en tanto, e á vez que se viña advertindo de que existiría unha normativa que regulara a implantación e funcionamento deste sector, aumentaron enormemente a implantación de locais de apostas e a situación de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería. Toda esta estratexia de desenvolvemento foi posible por unha ausencia de normativa, e aproveitando o tempo previo á entrada dunha posible nova lexislación, existindo un posible efecto chamada con este motivo.

Recentes estudos sobre a cuestión, con datos enormemente contrastados, apuntan a un grave perigo para a saúde dos cidadáns, especialmente para aqueles máis mozos e mozas porque son especialmente sensibles a estes problemas. A este respecto vense graves perigos na existencia de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería de fácil acceso, a presenza de numerosos locais de xogo nas cidades nos que existen débiles ou inexistentes mecanismos de control de acceso ou a publicidade esaxerada aproveitando figuras coñecidas en espazos ou horarios de libre acceso para a poboación.

De maneira específica, durante este último ano de pandemia as casas de xogo e apostas viviron unha permisividade maior que o conxunto da hostalería, con horarios máis laxos e menores restricións, o que resulta incompreensible dende calquera punto de vista. O Goberno da Xunta de Galicia, a preguntas do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia apuntou que non había riscos nestes espazos porque non existía excesiva interacción, o que é contraditorio coas consideracións



que se fan de espazos de hostalería que formularon a incorporación de medidas hixiénicas e de control moi elevadas.

Mentres isto ocorre, dende o Goberno da Xunta de Galicia sigue a permitirse a barra libre normativa e compártense actos, premios e encomios recíprocos e públicos entre Goberno e sector empresarial acerca dun problema de saúde pública que está a danar gravemente a moitas persoas e familias. Paralelamente os orzamentos autonómicos 2021 incorporaron medidas de bonificación e axuda a locais do sector do xogo e apostas, con maior celeridade e facilidade que a outros sectores con maiores dificultades.

Hai unha necesidade urxente de implementar lexislación que controle e regule a implantación do sector do xogo e apostas, que permita afrontar os problemas derivados deste novo problema con recursos materiais e persoais e que facilite a posibilidade de coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas e coñecemento para combatelo. Esta lexislación debe contemplar liñas claras baseadas na prevención, con especial atención ás idades máis novas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia ten freado a tramitación parlamentaria dunha futura lei do xogo mentres facilita as posibilidades de apertura ante as restricións e dota de maiores e máis áxiles axudas ante elas en comparación co resto do sector do ocio?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Paloma Castro Rey

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:49:01

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:49:08

Paloma Castro Rey na data 13/07/2021 17:49:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o inicio da pandemia provocada pola covid-19 o persoal sanitario está sendo o parapeto e a trincheira que frea a súa expansión e, esforzadamente, está conseguindo minorar un dano de por si moi impactante.

Este colectivo viu, durante o último ano, como os recursos materiais de protección tiveron épocas de máis difusión e de menos atención por parte das direccións, froito da dificultade de xestión dende o inicio da pandemia e as complicacións para subministrar material de maneira axeitada a todos os lugares e profesionais. Tamén existiron dúbidas ao principio da pandemia sobre as medidas a tomar, o que afectou a algunhas decisións como a destitución dunha xefa de servizo no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo por usar a máscara dende o principio da afectación da covid, tildando de “alarmismo” o caso e censurando que existiran críticas pola negativa do Sergas a subministralas.

A realidade actual é que a subministración de material é máis continuada que o que xa foi, aínda que hai certas queixas pola ausencia de suficiente material para ser repostado na medida en que clinicamente é recomendable. Este caso é especialmente de máscaras cirúrxicas, que os profesionais sanitarios reciben con menor frecuencia da que sería recomendable para exercer a súa labor.

Dentro deste pico da terceira onda, coas UCI no seu pico de toda a pandemia e cos contaxios no seu tope, a maior valoración que mereceu a situación por parte do Presidente da Xunta de Galicia en comparecencia no Parlamento de Galicia foi que trasladaría a pregunta ao Goberno de España de que sexan obrigatorias as máscaras FFP2.

Dada esta posición do goberno da Xunta de Galicia, e a relevancia que lle atribúe a esta cuestión agora, parece natural comezar a asumir a súa labor sobre a dotación de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai comezar a Xunta de Galicia a dotar de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios do Sergas na medida e volume que sexa clinicamente máis recomendable segundo os expertos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:58:35

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:58:42



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A campaña de vacinación contra a covid-19 supón a ferramenta máis potente de combate contra a pandemia, e tamén un instrumento que permitirá a recuperación da maior e máis segura actividade dende o inicio o pasado marzo das medidas de confinamento e/ou restricións. Esta situación está a supoñer unha esperanza e a ser motivo de grande expectativa por parte de todos os sectores implicados tanto dende a propia sanidade, como os sectores económicos e, en definitiva, de toda a cidadanía.

A preparación da campaña de vacinación vén de longo, e os acordos e colaboración mutua entre Ministerio e Comunidades Autónomas vén advertindo a necesidade de que a campaña sexa deseñada e executada coa maior eficiencia posible. Así, o Ministerio ten garantido a subministración de doses de vacinación, con protocolos de entrega e calendarización destas para que as comunidades autónomas poidan desenvolver a práctica operativa da vacinación.

A pesares da importancia da vacinación como exemplo da eficacia do sistema, existen algúns erros dentro dos procedementos que contribúen ben pouco a xerar certeza e confianza no sistema. Entre eles nos recentes días foi sabido que existen alertas sobre a vacinación irregular dun gran número de persoas non prioritarias, segundo o plan de vacinación, dentro do propio Sergas. Ademais foi coñecido que a alcaldesa de Boimorto, do Partido Popular, foi vacinada cando non cumpre requisito ningún para facelo dentro das primeiras fases. Ante este escenario, as explicacións dadas foron mínimas e incompletas, persistindo no problema de xerar incertezas no sistema e alimentando a idea dun proceso turbio e opaco.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno da Xunta de Galicia que son aceptables as explicacións ofrecidas sobre os erros detectados no plan de vacinación?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:01:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/07/2021 18:01:59

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:02:07



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A saúde mental é considerada por unha gran parte dos/as profesionais que se dedican a ela como unha rama minusvalorada dentro dos sistema sanitario. Esta consideración ten a súa orixe na tendencia a reducir o impacto visible e a difusión sobre as cuestións relacionadas coa saúde mental, a tentar de ocultar os debates e a considerar que a sensibilidade dos temas que trata debe levar a facelo con menor atención. Froito disto, que tamén crea unha conciencia social de agochamento, sumado a certas cuestións culturais e históricas, resulta que a saúde mental vén sendo sempre menos atendida dende os sistemas sanitarios do que debera. Como consecuencia disto, por poñer un exemplo, atopámonos coa deslocalización de diversos servizos de saúde mental fora dos centros sanitarios de referencia, afastándoos e xerando un sistema paralelo aparte.

A realidade actual en Galicia é dura para este ámbito asistencial. As ratios de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especializada son as menores de España en profesionais por habitante, e o déficit de recursos persoais tamén se acompaña de falta de medios materiais axeitados.

Galicia ten pendente unha necesaria unidade de hospitalización infanto-xuvenil para o sur da comunidade, así como revisar a súa capacidade asistencial e a calidade do tratamento no centro psiquiátrico de Conxo, sinalado polo Defensor do Pobo a través dos informes do Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura.

Os datos sobre suicidios seguen a ser alarmantes na nosa comunidade, con índices que destacan en negativo respecto do conxunto de España, a pesares de contar con especialistas dentro do sistema que teñen amosado unha enorme capacidade de desenvolvemento de programas beneficiosos para os pacientes e a sociedade en xeral. O concepto do sistema como compartimentos estancos dificulta a coordinación de actuacións, o que provoca maiores dificultades para afrontar o problema.

A pandemia provocada pola covid-19 vén a disparar a grave preocupación da situación da saúde mental. Por un lado as persoas que estaban en tratamento e



seguimento tiveron, dende o principio da pandemia e por mor das restricións e da orientación dos recursos ao combate contra a covid, problemas para a continuidade. Estas interferencias dificultaron en moitas ocasións a adherencia e limitaron a capacidade do sistema de facer unha atención máis personalizada e eficaz. Por outro lado a duración e a gravidade da situación pandémica provoca novos cadros clínicos e agudiza situacións latentes. A coñecida como “fatiga pandémica” é so un de tantos problemas, como os asociados á soidade non desexada, especialmente en pacientes de maior idade, ou a dificultade para novos diagnósticos que ten o sistema.

A saúde mental será a gran resaca das últimas etapas da pandemia, e da situación post-covid. Fronte a elo, o enésimo lanzamento do Plan galego de saúde mental, que dende 2012 vén sendo anunciado en épocas preelectorais pero logo esquecido, parece acompañarse agora dunha intención de aparentar investimentos. Non son coñecidas, non en tanto, iniciativas encamiñadas a incrementar o volume real e efectivo de profesionais de saúde mental no sistema, e as dotacións económicas que se inclúen nos orzamentos 2021 son exiguas dadas as necesidades detectadas polos propios profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia é axeitada?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:05:21

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 18:05:28

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:05:39



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia sitúase como unha das comunidades autónomas de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia Comunidade Autónoma, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non en tanto, a presenza dos e das profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do Sergas. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficit de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar.



Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).

Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outro plantexamento asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a situación actual da capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:06:47

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:06:54



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación de desborde de contaxios de coronavirus, e os efectos que estes contaxios derivan en termos de estrés asistencial dos centros hospitalarios e falecidos por causa do virus, está a supoñer un verdadeiro reto para a nosa sociedade e para o sistema sanitario en particular.

Un dos mecanismos evidentemente útiles para conseguir afrontar o combate contra o virus dende os estadíos máis temperás, que é o obxectivo, está nos cribados poboacionais. A posible utilización desta ferramenta permite identificar con precisión a situación dun contorno poboacional (por grupo de idade, sector socioeconómico, territorio xeográfico...) e, con esta información, actuar en consecuencia. Os cribados, desenvolvidos con eficacia, son un instrumento de enorme axuda para a epidemioloxía. Non en tanto estanse a ver certos erros na organización e planificación destes cribados que non están sendo ben explicados, e que están contribuíndo a xerar outros problemas que non son recomendables.

Nestes últimos tempos en Galicia estiveronse a comprobar como algúns cribados foron desatendidos pola dirección do Sergas, como o realizado entre o colectivo de estudantes universitarios aos que, primeiramente, se sinalou como causantes e culpables da expansión da segunda onda da pandemia. A pesar disto, foron as universidades as que tiveron que organizarse para realizar estas probas, con problemas e polémicas xeradas pola participación de estudantes e, tamén, a desidia da dirección da Consellería para comunicar e explicar os datos resultantes que evidenciaron que aquelas acusacións foran absolutamente infundadas. No mesmo sentido os profesionais de hostalería foron sinalados e postos na picota dos problemas de expansión xa daquela segunda onda, e tamén o están sendo nesta terceira en certa parte. A pesares disto, moitos daqueles cribados evidenciaron resultados contrarios ás opinións ampla e abertamente manifestadas polo goberno da Xunta de Galicia, en particular polo seu Presidente, sen que existira rectificación posterior.

Os cribados a contornos xeográficos ou poboacionais máis amplos tampouco están exentos de desordes organizativos por parte da Consellería. Algúns deles foron organizados de costas aos concellos e alcaldes, o que provocou maiores



dificultades organizativas. Noutros casos, a propia planificación resultou un problema, por provocar aglomeracións e acumulacións de persoas sen indicacións reais de como proceder ante as probas, como nos recentes días sucedeu en Soutomaior. Hai casos con utilización partidista, como a presentación do cribado en Forcarei que contou coa presenza de membros do Partido Popular local pero non do goberno municipal, nun procedemento contrario a toda lóxica. En Allariz as persoas que foron citadas para o cribado do IES non o foron no seu concello senón que foron enviadas a Ourense cando, pouco tempo antes, un cribado na propia localidade si foi organizado no pavillón.

En termos de planificación, diversos profesionais galegos teñen manifestado que o deseño destes cribados pode estar incorrendo en certa ineficacia, ao non dirixirse aos grupos precisos que debe e nas condicións en que debe darse, atendendo ás incidencias e aos obxectivos da procura de asintomáticos.

No que corresponde á poboación obxectivo estase detectando a ausencia nos cribados de persoas que teñen vínculo co sistema sanitario a través das mutuas aseguradoras, como ocorre por exemplo en certos servizos públicos. Estes profesionais, ao estar fora da carteira do Sergas, veñen alertando de que non son advertidos dos cribados que afectan a contornos poboacionais ou xeográficos similares.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Consellería de Sanidade que a súa planificación e organización de cribados poboacionais está sendo satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:09:44

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:09:51



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación crítica dos hospitais públicos de Galicia debido aos efectos da pandemia está sendo moi esixente para o persoal e poñendo a niveis moi elevados a esixencia de funcionamento en base aos recursos dispoñibles.

Cada día numerosos profesionais e colectivos sanitarios advirten da situación de estrés asistencial que se vive nos centros hospitalarios, particularmente nos servizos de urxencias, nas UCI e reanimación, así como a carga saturante de traballo en situación complexas para os pacientes. Fronte a isto, recentemente o Goberno da Xunta de Galicia informaba de ocupacións en torno ao 30 % ou 40 % das camas UCI, o que xerou unha fonda preocupación e contrariedade nos profesionais de Galicia. Estas informacións, voluntariamente confusas sobre o volume de camas UCI realmente dispoñibles, non ofrecidas, as ocupadas por pacientes covid pero non as libres para a chegada de novos pacientes se fora necesario, ou a negativa para informar das ocupacións e dispoñibilidades por área sanitaria, convértense nunha fonte de incerteza e preocupación para a cidadanía.

Esta información, de moita relevancia tamén para a toma de decisións sobre restricións e limitacións asociadas ao control da pandemia, resulta moi importante para contribuír á concienciación da cidadanía sobre o nivel de preocupación que debera ser esixible con respecto ao cumprimento das medidas. Relativizar a situación ou pretender trasladar unha imaxe irreal sobre a situación límite do sistema é contraproducente.

O volume de persoal dispoñible non é, tampouco, motivo de satisfacción. Os constantes recortes e precarización do emprego sanitario no Sergas da última década xerou menores posibilidades de contratación e a dispersión de profesionais formados para outras comunidades autónomas e outros países. Neste escenario, o Sergas debe reconsiderar a súa política de recursos humanos e invertir a tendencia, para poder contribuír a dar maior robustez ao sistema e maiores capacidades asistenciais aos seus hospitais.

Ademais a existencia de zonas non utilizadas en diversos centros hospitalarios de Galicia, froito dos recortes en medios e a non dispoñibilidade de profesionais para



atender suficientes, provoca que se produzan incongruencias na xestión da pandemia. Estas inconsistencias provocan decisións tardías sobre a dispoñibilidade de novos espazos, ou o aproveitamento de centros ou plantas inutilizadas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que volume de camas UCI existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os/as profesionais sanitarios existentes?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:11:42

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:11:48



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proceso de vacinación contra a covid-19 iniciouse o 27 de decembro de 2020, sendo a mellor noticia e a máis esperanzadora na loita contra a pandemia. O Plan de Vacinación, con liñas xerais pactadas na ponencia nacional de vacinas na que participan as comunidades autónomas co Ministerio de Sanidade permite, despois, aos diferentes sistemas autonómicos de saúde axustar en función das súas realidades autonómicas as cuestións máis operativas. En xeral, cabe mencionar que o procedemento está sendo satisfactorio, e España está entre os países do mundo que maior número absoluto de vacinas está a poñer.

Dentro desta situación, algunhas comunidades amosan un ritmo constante e outras algunhas interrupcións e alteracións do seu procedemento. Este último é o caso de Galicia, que está afrontando algunhas realidades froito das dificultades globais coñecidas como é o caso da subministración de vacinas ante a Unión Europea por parte das industrias farmacéuticas, e a necesidade de garantir clinicamente todo o procedemento a través das distintas axencias de avaliación.

En termos específicos da Comunidade Autónoma, Galicia afrontou as primeiras fases da vacinación coa contratación extraordinaria de 207 enfermeiras para substituír no seu posto de traballo ás 207 que se dedicaron en exclusiva á vacinación. A realidade actual, na que o proceso vaise desenvolver en todo o territorio de maneira máis estendida, con menores posibilidades de afrontar a poboación concentrada (residencias, hospitais, centros de saúde) senón que é preciso coordinar citas, aglomeracións ou atencións a domicilio, precisará da participación de máis profesionais de atención primaria. Non en tanto non están previstas novas contratacións para suplir estas dedicacións á vacinación, o que pode redundar nunha perda de capacidade asistencial ordinaria na atención primaria, xa de por si saturada e con problemas derivados da atención non presencial.

Por outra banda, mentres existiron situacións rexeitables nunca explicadas como a vacinación da alcaldesa de Boimorto ou da conselleira delegada de DomusVi cando non lles correspondía, existen aínda profesionais sanitarios en Galicia non vacinados aínda que estamos xa en marzo e foron as datas límite anunciadas pola



propia Xunta de Galicia. Entre estes problemas atópanse profesionais como os que atenden en clínicas concertadas, que tamén están en contacto directo con pacientes, ou os sanitarios dos centros penitenciarios, que non teñen aínda inicio do seu proceso marcado. Estas lagoas son dificilmente explicables pois, a pesares dalgunhas queixas feitas públicas sobre a subministración de vacinas, a actualización do fin do mes de febreiro amosa que Galicia aínda non aplicou un 20 % de vacinas que xa ten dispoñibles. Este problema, probablemente operativo por ter dedicado menos recursos e esforzos a vacinar dos que se teñen dedicado a queixarse e confrontar con outras administracións, evidencia que existen aínda eivas que mellorar no proceso máis importante ao que o sistema tense enfrontado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que Galicia non utilizou o 20 % das vacinas recibidas como amosa o informe de datos publicado á fin de febreiro polo Ministerio de Sanidade cos datos das comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:14:48

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:14:54



Á Mesa do Parlamento

